

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO

*Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento: Obtención de viario na rúa Emilio González López. **Aprobación definitiva e convocatoria.***

Expediente 2024/U040/000003

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 6 de outubro de 2025, acordou aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa para a obtención do viario na rúa Emilio González López de Carballo, polo procedemento de taxación conxunta, segundo o documento presentado o 08/08/2025, núm. de rexistro de entrada 202599900005252, pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. e asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez (nº Colexiado 2261).

No mesmo acordo resólvense as alegacións presentadas; considéranse acreditadas como interesadas ás persoas que presentaron escritos ao respecto; apróbase a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados polo viario previsto; confíreselles un prazo de 20 días ás persoas interesadas/titulares dos bens e dereitos expropiados para que poidan manifestar por escrito ao órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente e apróbase o prezo xusto da seguinte relación de bens e dereitos afectados:

Finca	Ref. Catastral	Titulares (%)	Importe	Premio afección	Total
Finca 1	5541216NH2854S0001BF	JESÚS RODRÍGUEZ CARBALLO (sen DNI/NIF)	58.476,38 €	2.923,82 €	61.400,20 €
Finca 2	5541215NH2854S0001AF	JESÚS RODRÍGUEZ CARBALLO (sen DNI/NIF)	55.671,24 €	2.783,56 €	58.454,80 €
Finca 3	5540901NH2854S0001RF	MANUEL VARELA PONTE DNI: ***312***	-----	-----	-----

Así mesmo, segundo o disposto no punto oitavo deste acordo e de conformidade co previsto no artigo 49 do regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, CONVÓCASE aos titulares de bens e dereitos afectados:

- O día **27 de outubro de 2025 ás 11.00 horas** na Casa Consistorial do Concello de Carballo co fin de proceder ao pago do importe da valoración establecida pola ocupación dos bens e dereitos afectados. Así mesmo, procederase ao levantamento das actas de ocupación correspondentes.

Carballo, 9 de outubro de 2025 (asinado dixitalmente á marxe)

A alcaldesa en funcións
M^a Belén Lendoiro Esmorís